



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 29 DE XUÑO DE 2018

LICENZAS

FAVORABLE.-

LIC/1235/2017.- MARÍA MERCEDES MIRÁS BELLO.- Conceder licenza para executar as obras de instalación dun ascensor na rúa das Fontiñas nº 65.

DESFAVORABLE.-

LAP/173/2017.- GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S. A.- Denegar a licenza de obras para a instalación dunha estación de subministro de gas natural comprimido na Vía La Cierva nº 34.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para executar as obras de instalación dun ascensor na rúa das Fontiñas nº 65. LIC/1235/2017. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á denegación da licenza de obras para a instalación dunha estación de subministro de gas natural comprimido na Vía La Cierva nº 34. LAP/173/2017. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de inicio de avaliación ambiental da modificación puntual do Plan Especial para o desenvolvemento do sistema xeral de equipamento deportivo ZD-2. ÁREA DEPORTIVA DE SAN LÁZARO. Acórdase remitir á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Xunta de Galicia a solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da Modificación do Plan especial de desenvolvemento do sistema xeral de equipamento deportivo da Cidade da Raqueta, promovido polo Concello de Santiago.

6 e 7.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles. Apróbase a proposta

8.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa ao rexeitamento dunha solicitude de bonificación no IBI. Apróbase a proposta.

9.- Dar conta pola concelleira delegada de Economía e Facenda da corrección de erro no punto 77 da sesión de 15.6.18, relativo á selección da operación denominada "Centro de excelencia tecnolóxica de emprego e crecemento". Apróbase a proposta.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do expediente de "Definición, deseño, subministración e instalación de sinalización informativa vertical tipo AIMPE nos viarios municipais do ámbito rural do termo municipal de Santiago de Compostela (2017)"; aprobación do gasto e apertura do procedemento de adxudicación. Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 60.107 euros, IVE incluído.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato das "Obras para a execución do Proxecto de mellora da pavimentación no viario de acceso As Pereiras (A Gracia) (POS+OBRASSUM/2017)". Acórdase adxudicar o contrato a favor da empresa Canarga Construcciones SL, por un importe de 62.100 euros, IVE incluído, ao ser a súa oferta a máis

vantaxosa das presentadas. Ademais, compromete a contratación dun traballador desempleado a xornada completa durante todo o tempo de duración da obra.

13.- Aprobación da programación das festas do Apóstolo 2018. Apróbase o orzamento xeral aproximado correspondente ás actividades que conforman a programación das festas do Apóstolo, por un importe total de 657.629 euros. Acórdase tamén a gratuidade de todas as actividades inscritas no programa das festas por razóns culturais e de interese público.

14.- Xustificación do convenio asinado no ano 2016 coa Fundación Eugenio Granell. Apróbase a proposta.

15.- Solicitud do subdirector do Arquivo Histórico Universitario do préstamo de 12 documentos do fondo municipal de Santiago, para a exposición "Camilo Díaz Valiño e Isaac Díaz Pardo en Compostela". Apróbase a proposta

URXENCIAS

1.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á sinatura dun convenio entre o Concello de Santiago e a Universidade de Santiago no marco da iniciativa Smartiago para a compra pública innovadora. Apróbase a proposta.

2.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á declaración de caducidade do expediente de resolución do contrato coa empresa VIPECA Obras y Servicios para a execución das obras de construción dun aparcadoiro provisional disuasorio na parcela EQ1 do parque empresarial da Sionlla. Acórdase declarar a caducidade do expediente de resolución do contrato.

3.-Proposta da concelleira delegada substituta de Centros Cívicos relativa á aprobación de actividades específicas e puntuais de verán realizadas nas aulas de xogo dos centros cívicos urbanos das Fontiñas, Conxo, Ensanche Santa Marta e Vite, así como os campamentos de verán nos Centros Cívicos da zona rural de A Gracia, Figueiras, Marrozos e Nemenzo, desde o 1 ao 31 de xullo de 2018. Apróbase a proposta.

4.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á solicitude ao Ministerio de Facenda dunha subvención ao transporte colectivo urbano interior. Apróbase a proposta.

5.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á aprobación das variables de cálculo, a liquidación provisional de transporte urbano 2017 da empresa TRALUSA e o compromiso de viaxeiros dese ano. Acórdanse as variables a ter en conta para o cálculo da compensación correspondente ao ano 2017, e apróbase con carácter provisional a liquidación do ano 2017 para a devandita empresa por un importe de 3.300.747,87 euros. Tendo en conta que en pagos a conta había unha previsión de abonarlle á empresa a cantidade de 3.228.432,19 euros, quedaría pendente a cantidade de 72.315,68 euros. Por último, apróbase o compromiso de viaxeiros do ano 2017 sobre a mesma porcentaxe de incremento que a presentada por TRALUSA para o ano 2016, que ascende a 7.452.575.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á aprobación das variables de cálculo, a liquidación provisional de transporte urbano 2017 da empresa Autocares Rías Baixas. Apróbase, con carácter provisional, a liquidación do ano 2017 para a devandita empresa, por un importe de 219.375,59 euros. Tendo en conta que en pagos en conta había unha previsión de abonarlle á empresa a cantidade de 222.891,67 euros, o resultado da liquidación sería de -3.516,08 euros

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á aprobación da liquidación provisional de transporte urbano 2017 da empresa Autos Grabanxa. Apróbase con carácter provisional a liquidación do ano 2017 para a devandita empresa por un importe de 56.498,34 euros

8.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á aprobación da liquidación provisional de transporte urbano

2017 da empresa Hermanos Ferrín. Apróbase con carácter provisional a liquidación do ano 2017 para a devandita empresa por un importe de 78.612,75 euros

9.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á aprobación da liquidación provisional de transporte urbano 2017 da empresa Autos Carballo. Apróbase con carácter provisional a liquidación do ano 2017 para a devandita empresa por un importe de 200.807,93 euros

10.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do servizo de execución de diversas operacións de roza, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viarios, carreiros fluviais e parcelas municipais do termo municipal de Santiago-Campaña complementaria 2018. Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 121.000 euros, IVE incluído.

11.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do inicio do expediente de execución de diversas operacións de conservación, mantemento e reparación de pavimentos nos viarios municipais no termo municipal, excluído o recinto intramuros da cidade histórica. Campaña complementaria 2018. Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 121.000 euros, IVE incluído.